



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*(Para cubrir polo centro educativo)*

Código do centro: \_\_\_\_\_

Nome do centro: \_\_\_\_\_

*(Para cubrir pola persoa que aplica a proba)*

Número de identificación do alumno ou alumna: \_\_\_\_\_

*(Este número debe coincidir co número de orde que o alumno ou alumna ten no listado de aplicación da proba)*

Ensinanza: **Educación secundaria obrigatoria** Grupo: \_\_\_\_\_


*(O nome do grupo coincidirá co que figura no listado de aplicación da proba)*


# **AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO 2009**

**EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA**

**Caderniño A**

**COMPETENCIA EN  
COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**





## INSTRUCCIÓN

Nesta proba vas escoitar e ler unha serie de textos e a continuación deberás contestar unhas preguntas relacionadas con eles.

As preguntas serán de distintos tipos. Algunhas terán catro posibles respostas, e ti deberás escoller a única correcta, **rodeando** a letra que se atope ao seu carón.

A continuación móstrase un exemplo de como se fai.

### Exemplo 1

**Cantos días ten unha semana?**

- A. 6 días.
- B. 7 días.
- C. 8 días.
- D. 9 días.

Se te equivocas ou decides cambiar a túa resposta, podes facelo tachando cunha cruz (X) a túa primeira elección e rodeando a resposta que consideras correcta, tal e como podes ver no seguinte exemplo:

### Exemplo 2

**Cantos días ten unha semana?**

- A. 6 días.
- B. 7 días.
- C. 8 días.
- D. 9 días.

Noutras preguntas pediráseseche que escribas ti a resposta nun espazo sinalado por puntos. O debuxo dun lapis indicarache onde debes empezar a escribir. É o caso do exemplo que se che ofrece a continuación.

### Exemplo 3

Describe ao teu mellor amigo ou amiga.



.....

.....

.....



Tes **60 minutos** para facer a proba.



Intenta responder todas as preguntas.



Se ao final che sobra tempo, podes volver atrás.



Cando remates unha páxina, pasa á seguinte, ata chegares ao final.



Traballa o máis rápido que poidas, sen perder tempo.

## COMPRESIÓN ORAL

O primeiro exercicio consiste en escoitar.

Presta moita atención, porque despois vas ter que responder unhas preguntas relacionadas co que escoitaches.



**ESCOITA ATENTAMENTE!**

**Non pases esta páxina ata que se che indique.**

## SURF

**P1.- Onde se cre que está a orixe do surf?**

- A. Nos Estados Unidos.
- B. Nunhas illas do Atlántico.
- C. Nas illas Hawai.
- D. Nas illas Caimán.

**P2.- ¿Por qué se entende que el surf es algo más que un deporte?**

- A. Porque su práctica es muy difícil.
- B. Porque empezó como una forma de demostrar la valentía de los jefes.
- C. Porque para practicarlo hay que ser muy hábil y fuerte.
- D. Porque permite estar en contacto con la naturaleza y facilita la paz interior.

**P3.- "El surf es un deporte en constante innovación" quiere decir:**

- A. Que cada día lo practica más gente.
- B. Que para poder practicarlo hay que ser muy constante.
- C. Que continuamente se inventan nuevas maniobras.
- D. Que hace falta ser una persona muy creativa para ser surfista.



**P4.- ¿Por qué no se debe poner la tabla entre la ola y el cuerpo?**

- A. Porque se puede perder.
- B. Porque puede dar un buen golpe en la cara al surfista.
- C. Porque no se podría subir en ella.
- D. Porque podría romper la tabla.

**P5.- Cal das seguintes frases resume mellor o texto que acabas de escoitar?**

- A. Trata sobre a historia, a práctica e a evolución do surf.
- B. Fala sobre o equipamento necesario para o surf.
- C. Explica a consideración social do surf.
- D. Conta que material e que precaucións hai que ter cando se practica surf.

**P6.- Cando se comezou a practicar, o surf era:**

- A. Un deporte de elite.
- B. Un rito relixioso exclusivamente.
- C. Unha mestura de deporte e rito relixioso.
- D. Unha exhibición de forza.



## A AVE EXTRAORDINARIA

Hai moito tempo, un viaxeiro percorreu medio mundo en busca da ave extraordinaria.

Aseguraban os sabios que lucía a plumaxe máis branca que se puidese imaxinar.

Dicían ademais que as súas plumas parecían irradiar luz, e que era tal a súa luminosidade que nunca ninguén vira a súa sombra.

Onde atopala? Ignorábano. Descoñecían ata o seu nome.

O viaxeiro percorreu o bosque, a costa, a montaña.

Un día, xunto ao lago, distinguiu unha ave inmaculadamente branca.

Achegouse con sixilo, pero ela sentiu a súa presenza e levantou o voo.

A súa sombra voadora debuxouse sobre as augas do lago.

—É só un cisne —dixo entón o

viaxeiro, recordando que a ave extraordinaria non tiña sombra.

Algún tempo despois, no xardín dun pazo, viu unha ave belísima.

Estaba nunha grande gaiola de ouro e a súa plumaxe resplandecía no sol.

O gardián do xardín adiviñou o que pensaba e advertiuno:

—É só un faisán branco, non é o que buscas.

O viaxeiro incansable percorreu moitas terras, países, continentes...

Chegou ata a Asia e alí, nun lugar, coñeceu un ancián que dixo saber onde se atopaba a ave extraordinaria.

Xuntos escalaron unha montaña.

Preto do cumio, viron o grande paxaro incomparable.

As súas plumas, esplendorosamente brancas, irradiaban unha luz sen igual.





—Chámase Lumerpa —dixo o ancián. —Cando morre, a luz da súa plumaxe non se apaga. E se alguén lle quita entón unha pluma, esta perde ao momento a súa brancura e o seu brillo.

Alí rematou a busca.

O viaxeiro volveu á súa terra, feliz, como se unha parte daquel resplandor o iluminase por dentro.

E asegurou que a plumaxe de Lumerpa era como a fama ben gañada e o bo nome e honra...

...que non se poden quitar a quen os posúe e que seguen brillando aínda despois da morte.

LEONARDO DÁ VINCI  
Bibliotecas virtuais

**P7.- Segundo o texto, con que se compara a plumaxe da ave extraordinaria?**

- A. Coa lealdade.
- B. Coa igualdade.
- C. Coa honra.
- D. Coa liberdade

**P8.- Cal é a orde secuencial destes feitos no texto?**

1. Un viaxeiro percorreu medio mundo en busca de Lumerpa.
2. O viaxeiro volveu á súa terra feliz, iluminado por dentro.
3. A luz da plumaxe de Lumerpa non se apaga cando morre.
4. Un ancián dixo saber onde se atopaba a ave extraordinaria.

- A. 1 - 3 - 4 - 2
- B. 1 - 4 - 3 - 2
- C. 4 - 3 - 2 - 1
- D. 1 - 2 - 3 - 4



**P9.- Cal das seguintes afirmacións NON é axeitada ao contido do texto?.**

- A. A ave tiña unhas plumas esplendorosamente brancas.
- B. As súas plumas irradiaban unha luz sen igual.
- C. A luz da plumaxe da ave extraordinaria apágase ao morrer.
- D. Ninguén vira nunca a sombra de Lumerpa.

**P10.- Coas frases que tes de seguido, constrúe un texto que conteña as mesmas ideas ordenadas segundo aparecen no texto, sen repetir as palabras idénticas.**

- 1. As plumas de Lumerpa irradiaban unha luz especial.
- 2. Un ancián de Asia dixo saber onde se atopaba Lumerpa.
- 3. O viaxeiro e o ancián viron Lumerpa preto dun cumio.
- 4. Un viaxeiro percorreu medio mundo para buscar a ave extraordinaria.



.....


.....

.....

.....

**P11.- Que fixo o cisne cando se achegou o viaxeiro?**

- A. Quedou quedo.
- B. Achegouse ao viaxeiro.
- C. Levantou o voo.
- D. Meteuse na auga e afastouse nadando.



**P12.- Como dicían que era a ave extraordinaria?**

- A. Era unha ave moi fermosa, coa plumaxe dourada e brillante.
- B. Era unha ave fermosísima, pequena, prateada e brillante.
- C. Tiña a plumaxe branquísima e as súas plumas parecían irradiar luz propia.
- D. Era unha ave de fermosas plumas de cores brillantes.

**P13.- Onde encontrou o viaxeiro o cisne e o faisán?**

- A. O cisne atopouno na beira dun río e o faisán nun parque.
- B. O cisne estaba nun xardín e o faisán nunha gaiola.
- C. O cisne atopouno xunta un lago e o faisán estaba no xardín dun pazo.
- D. O cisne e o faisán estaban xuntos nun xardín.

**P14.- Por que sabe o viaxeiro que o cisne non era a ave extraordinaria?**

- A. Porque non era branco.
- B. Porque viu a sombra voadora do cisne.
- C. Porque non era brillante.
- D. Porque llo dixo un ancián.

**P15.- Explica que nos quiere ensinar o autor desta fábula.**



.....

.....

.....

## A BIO-PIRATERÍA – DETECTIVES VERDES



O comercio de animais exóticos é un feito bastante antigo en todo o mundo pola innata fascinación do ser humano polos animais salvaxes. A sociedade de consumo, o capricho de posuír algo raro, a excentricidade e a moda potenciaron esta fascinación e favoreceron a creación dun mercado ilegal no que, canto máis escasas sexan as especies e máis difíciles de conseguir, mellores prezos obteñen e son, por tanto, máis cazadas, o que aumenta o risco de extinción.

Hoxe estímase que o mercado ilegal de animais exóticos en todo o mundo move unha cantidade superior a 15 billóns de euros. A rendibilidade deste negocio é inversamente proporcional ao enorme prexuízo que causa á vida salvaxe.

Por cada animal comercializado ilegalmente, outros dez perecen antes de chegar ao seu destino pola crueldade coa que son empacitados, totalmente dopados e anestesiados, para evitar os riscos de ser descubertos nas aduanas. De cada once que chegan a Europa en maletas e sacos, dez veñen xa mortos por malos tratos, o outro probablemente morrerá ao non poder adaptarse ás condicións climáticas ás que está exposto ou simplemente de tristura por verse privado da súa liberdade. Para colmo, no caso de moitos mamíferos (monos, felinos, roedores...) para apoderarse dunha cría, antes houbo que matar as súas nais.

É necesario que os países ricos reduzan o consumo insostible de fauna exótica, do mesmo modo que fan falla alternativas económicas para as comunidades pobres que capturan animais como medio de supervivencia. Pero tamén falta educación ambiental que impida a bio-piratería. Non sosteñas este mercado ilegal, non engaioles animais que deben estar en liberdade.

Doce millóns de animais salvaxes son retirados do seu ambiente natural todos os anos no Brasil. Entre eles ñandús, papagaios, boas, monos, xabaríns, tapires, tartarugas e paxaros de diversas especies.

O tucano, unha das especies en extinción en Nicaragua, é moi cotizado no mercado internacional e ata vendido nos semáforos da capital, Managua.

A bio-piratería é o terceiro maior comercio ilegal do mundo, por detrás do de armas e o de drogas.

Non son mascotas. Viven no seu hábitat independentemente da interferencia do home para sobrevivir. Cando son aprisionados, sofren grande estrés, tanto que moitos sucumben ao non soportar a catividade.

O capricho de posuír un animal en cativeiro propicia a existencia do tráfico ilegal de animais co prexuízo ao patrimonio natural dos países subdesenvolvidos.

O tráfico ilegal de especies non se limita a exemplares de animais ou plantas en perigo de extinción, tamén os produtos derivados dos mesmos tales como peles, po de corno de rinoceronte, marfil, etc. Só en África, entre 1979 e 1989 abatéronse arredor de 700.000 elefantes para extraerlles o marfil.

Como no caso do narcotráfico, os principais provedores son os países subdesenvolvidos de Centroamérica, Sudamérica, África e o sueste asiático, e a demanda concéntrase nos industrializados: Estados Unidos, a Unión Europea e Xapón.

*Cada animal ten dereito ao respecto. O home non pode atribuírse o dereito de exterminar outros animais ou explotalos, violando este dereito. O home ten o deber de colocar a súa intelixencia ao servizo doutros animais. Cada animal ten o dereito á consideración, á cura e á protección. (Art. 2º da Declaración Universal dos Dereitos dos Animais)*

Adaptación  
Revista *Plis-Plas*, ano 5, nº 25

**P16.- As especies máis escasas no medio natural son:**

- A. Pouco apreciadas no mercado negro.
- B. Igual de apreciadas no mercado negro que as máis abundantes.
- C. As máis apreciadas no mercado negro.
- D. Inexistentes no mercado negro.

**P17.- Os países provedores de animais salvaxes soen ser:**

- A. Ricos.
- B. Pobres.
- C. Autosuficientes.
- D. Potencias económicas.

**P18.- Sinala, segundo o texto, que tres partes dos animais provocan a súa matanza polo interese comercial destas:**



.....

**P19.- Cal é o motivo, segundo o texto, polo que hai comercio de animais exóticos?**

- A. Pola atracción que o ser humano sente polos animais salvaxes.
- B. Polo desexo dos humanos por posuír mascotas.
- C. Polo desexo dos humanos de domesticar animais salvaxes.
- D. Para levalos aos parques zoolóxicos.

**P20.- Por que non chegan ao seu destino a maior parte dos animais exóticos?**

- A. Porque se perden polo camiño.
- B. Porque os comerciantes os venden antes de chegar.
- C. Porque escapan durante a viaxe.
- D. Polas malas condicións nas que son transportados.

**P21.- O texto afirma que a bio-piratería é o terceiro maior comercio ilegal do mundo. Cales son os outros dous?**

- A. As armas e as obras de arte.
- B. As drogas e as plantas exóticas.
- C. As armas e as drogas.
- D. As plantas exóticas e as armas.

**P22.- O mercado ilegal de especies exóticas é un grande negocio. Aporta tres razóns que sosteñan tal afirmación:**



1. ....



2. ....



3. ....

**P23.- Por que habitualmente non se trafica con cans e gatos? Explicao con dúas razóns:**



1. ....



2. ....



## HUELLAS DIGITALES

### La firma incomparable

Las huellas digitales ya eran empleadas por los pueblos de Babilonia. Hasta el siglo XIX no se descubrió su calidad de únicas.

Los reyes de Babilonia, que querían conferir a sus edictos un sello de autenticidad incontestable, ponían la huella de la mano derecha debajo del texto grabado sobre arcilla, antes de cocerlo. Los pueblos de Babilonia, como muchos otros de la Antigüedad, sabían que no hay dos manos con huellas idénticas.

La práctica de las huellas digitales prosiguió durante siglos, hasta tal punto que pocas personas sabían firmar con su nombre. En 1823, el checo Jan Evangelista Purkinje, fundador de la fisiología experimental, que estudiaba las glándulas sudoríparas, descubrió que no hay dos personas en las que el dibujo de las crestas y los surcos de la piel sean idénticos. Se da cuenta porque las glándulas sudoríparas terminan en las depresiones de los surcos.

Sólo entonces la ciencia consagra de modo oficial el carácter específico e individual de las huellas digitales. Pero tiene que pasar medio siglo para que la toma de huellas con tinta, o dactiloscopia, llegue al campo de la antropometría judicial. El primero, que se sepa, en utilizar las huellas tomadas con tinta o dactilogramas es un empleado de la policía argentina del estado de Buenos Aires, Juan Vucetich, que publica en 1888 un tratado de dactiloscopia comparada.

A partir de 1890, los ingleses elaboran un sistema comparable, conocido con el nombre de Galton-Henry, que Scotland Yard aplica en junio de 1900. Tres años después, Alphonse Bertillon, fundador de la antropometría criminal francesa, utiliza la dactiloscopia. En la actualidad su empleo sigue siendo habitual en todos los servicios de identidad judicial



### **Arcos, espiras y lazos**

Se distinguen tres esquemas principales en las huellas digitales: el arco, la espira y el lazo. La antropología comparativa ha establecido que su frecuencia varía según el origen étnico. Los europeos tienen pocos arcos, los pigmeos y los *bushmen* de África son los que más tienen (del 10% al 16%); los orientales tienen más espiras que los occidentales (un máximo de un 42% en los primeros y de un 16% en los segundos). Los lazos son los más frecuentes; los europeos, los africanos y los *aínos* de Japón son los que más tienen (del 52% al 76% de la población), y los demás se sitúan muy por debajo (del 28% al 64% de los sujetos). En conjunto, los occidentales tienen más arcos y lazos que los orientales. El desglose de la población en función del reparto de frecuencias corresponde en muchos casos al desglose en función de la frecuencia de los grupos sanguíneos.


LOS GRANDES DESCUBRIMIENTOS DE LA CIENCIA  
Gerald Messadié

#### **P24.- ¿Para qué utilizaban los reyes de Babilonia las huellas digitales?**

- A. Para firmar todos los papeles que editaban.
- B. Para autenticar los edictos.
- C. Para que todos supieran que su huella era única.
- D. Para demostrar su autoridad.

#### **P25.- ¿Quién publicó el primer tratado de dactiloscopia comparada?**

- A. Juan Vucetich, un empleado de la policía argentina.
- B. Un policía de Scotland Yard.
- C. El checo Jan Evangelista Purkinje.
- D. El francés Alphonse Bertillon.



**P26.- ¿Qué países se mencionan como pioneros en las investigaciones y descubrimientos de las huellas digitales?**

- A. Francia, Inglaterra, España, Argentina y Holanda
- B. Babilonia, Checoslovaquia, Francia, Argentina e Inglaterra.
- C. Babilonia, Francia, Italia, Argentina, Austria e Inglaterra.
- D. Inglaterra, Francia, Checoslovaquia, Argentina e Italia.

**P27.- Elabora un esquema que recoja los descubrimientos que se realizaron durante el siglo XIX en torno a las huellas digitales. Debe recoger los siguientes aspectos: fecha, estudioso y descubrimiento:**



.....

.....

.....

.....

.....

**P28.- Deduce del texto el significado de los siguientes términos científicos:**

1. Dactiloscopia:  .....

2. Dactilograma:  .....

.....

**P29.- Indica con dos ejemplos para qué se utilizan hoy las huellas digitales:**



1. ....



2. ....

Moitas grazas pola túa colaboración